



XUNTA DE GALICIA



BELÉNS

DE INTERESE TURÍSTICO

BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE

Centro Cultural José Domínguez Guzmán. Quitimil, 2. Begonte.

Do 5 de decembro ao 25 de xaneiro.

Horario de visitas: de 11:00 a 13:00 h e de 15:00 a 19:00 h.

Do 5 ao 22 de decembro e do 7 ao 25 de xaneiro: sábados, domingos e festivos. Do 23 de decembro ao 6 de xaneiro: todos os días.

Cita previa grupos: 982 396 121.

Declarado de interese turístico de Galicia, móntase ininterrompidamente desde 1972 con pezas artesanais e mecanismos electrónicos para o seu movemento. 150 m² con máis de 150 figuras.

BELÉN ARTESANAL EN MOVEMENTO DE VALGA

Rúa Nova Campaña, Valga.

Do 1 de decembro ao 12 de xaneiro

De luns a venres de 17:30 a 20:30 h. Sábados de 17:00 a 21:00h. Domingos e festivos de 12:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:00h.

Resto do ano, de xaneiro a setembro e grupos, previa cita: 986559456/630952515.

Declarado de interese turístico de Galicia, é unha das composicións do Nadal máis espectaculares da Comunidade galega, tanto polas súas dimensións como por incorporar tamén elementos da actualidade.

A CORUÑA

BELÉN DA GRANDE OBRA DE ATOCHA

Baltasar Pardal Vidal, 1. A Coruña.

Do 25 de decembro ao 6 de xaneiro.

Laborables de 18:00 a 20:00 h.

Domingos e festivos (ao rematar a Misa) de 12:00 a 14:00 h. e de 18:00 a 20:00 h.

Inaugurado en 1953 e restaurado en 2001, faise a escala do mapa de Xerusalén. Conta cunha superficie de 120 m² e cunhas 150 figuras artesanais. O seu autor foi o artista ferrolán Camilo Díaz Baliño.

BELÉN MUNICIPAL

Sala de exposicións do Pazo municipal da Coruña.

Desde mediados de decembro.

Horarios de visita de mañá e tarde

BELÉN DA ORDE TERCEIRA

Capela da Orde Terceira. Ferrol.

Aberto ata o 6 de xaneiro.

Horarios:

Ata o 20 de decembro: venres, sábados e domingos.

De 17:00 a 21:00 h

Do 20 de decembro ao 6 de xaneiro: Todos os días de 17:00 a 21:00 h.

Cita previa grupos: 605 619 357.

Realizado por Alfredo Martín. Conta con máis de 60 anos de historia e máis de 200 figuras con movemento.

BELÉN DO CENTRO INTERNACIONAL DE ACOLLIDA AO PEREGRINO

Rúa Carretas, 33. Santiago de Compostela.

De 10:00 a 19:00 h.

Este centro pecha os días 25 de decembro e 1 de xaneiro

Os peregrinos que se acheguen no Nadal a Santiago poderán gozar deste nacemento de estilo exipcio.

BELÉN ARTESANAL EN SAN FIZ DE SOLOVIO

Igrexa de San Fiz de Solovio.

Santiago de Compostela.

Do 5 de decembro ao 5 xaneiro.

De luns a venres ata o 21 de decembro, de 11:00 a 14:00 h. e 17:00 a 19:00 h.

Sábados, domingos, pontes, festivos e vacacións de Nadal, de 11:00 a 14:00 h. e de 16:00 a 21:00 h. 24 e 31 de decembro, de 11:00 a 14:00 h. e 16:00 a 19:00 h.

25 de decembro e 1 de xaneiro, de 17:00 a 21:00 h.





BELÉNS

Belén cedido e montado por José Uzal dentro dunha actividade organizada por Turismo de Santiago-Concello de Santiago de Compostela, coa colaboración do Arcebispo de Santiago, o Mercado de Abastos e o Colexio Maior Santo Agostiño. Máis de 200 figuras de barro e lenzo pintado, todas feitas a man, compoñen este nacemento que inclúe diferentes escenas, pezas en movemento e tamén iluminación.

BELÉN FAMILIAR DE CONXO

Ruela de Torrente, 6-8. Santiago de Compostela.

Do 30 de novembro ata o 7 de xaneiro

Luns a sábado: de 18:00 a 21:00 h

Domingos e festivos: de 11:00 a 13:00 h e de 18:00 a 21:00 h

Consta de 204 estruturas, 1.750 puntos de luz, 1010 figuras, e 106 pezas en movemento... no belén da familia Otero e Moreira –popularmente coñecido coma O Belén de Conxo- atópanse representadas 37 escenas relacionadas co nacemento de Xesús.

Tels: 981521900 / 680466876

BELÉN DE BETANZOS

Segundo andar do Edificio Liceo.

Praza dos Irmáns García Naveira. Betanzos.

De mediados de decembro a mediados de xaneiro.

De luns a venres a partir das 18:00 h.

Sábados, domingos e festivos de 12:00 a 14:00 h, e a partir das 17:00 h. Pechado 31 de decembro pola tarde e 1 de xaneiro pola mañá.

Cita previa grupos e posibilidade de visita noutro horario: 609691692

Preténdese representar con narración gravada e movemento a historia, xeografía, etnia e actividades diversas.

BELÉN DE SAN VICENTE DE CESPÓN

Igrexa de San Vicente de Cespón. Boiro.

Do 15 de decembro ao 13 de xaneiro

De luns a sábado: A partir das 19:45h.

Domingos e festivos: de 12:00 a 13:45 h e 16:00 a 20:00 h.

Fóra deste horario: 646 953 095

Figuras mecanizadas que achegan realismo á instalación.

BELÉN DE SAN PEDRO DE BEALO

Casa da Escola

(xunto á igrexa de San Pedro de Bealo) Boiro.

Do 15 de decembro ao 13 de xaneiro

Domingos e festivos: 11:30 a 12:30 h e 16:00 a 18:00 h.

Fóra deste horario: 646 953 095

Belén de estilo hebreo.



BELÉN PARROQUIAL DE SAN MARCOS

Igrexa de San Marcos, Corcubión.

Organizado pola Asociación de Belenistas San Marcos de Corcubión.

Desde o día 8 de decembro cos seguintes horarios:

Días laborables de 16,30 a 19,00

Sábados domingos e festivos: mañás de 11:30 a 13:30h. Tardes de 16:30 a 19:00 h.

BELÉN VIVENTE DE SANTA COMBA

Recinto Feiral. Santa Comba.

5 de xaneiro. 19:00 h. (Despois da cabalgata)

Belén duns 1600 m² coa representación do Nacemento de Xesús na que interveñen case 200 persoas.

LUGO

CONCURSO DE BELENISMO DE LUGO

Local de Afundación na praza de Santa María. Lugo.

Pregón de Nadal o venres 20 de decembro ás 21:00 h.

O Belén quedará instalado no patio de operacións do edificio da Afundación desde o 20 de decembro ata pasada a festividade dos Reis Magos, en horario de oficina. **Asociación de Belenistas de Lugo.**

+info: <http://asociacionbelenistaslugo.blogspot.com/>

VIVEIRO ANTE O BERGE

Centro histórico de Viveiro.

Desde o 5 de decembro ata o 13 de xaneiro

Este belén a escala natural destaca pola ambientación e o seu realismo.

OURENSE

BELÉN DE ARTURO BALTAR

Espazo Expositivo Arturo Baltar.

Praza de San Cosme e Damián. Ourense.

Do 20 de decembro ao 6 de xaneiro

Todos os días de 11:30 a 14:00 h e de 17:30 a 20:30 h. 25 de decembro e 1 de xaneiro pechado pola mañá.

Cita previa grupos: 988391290. *Realizado polo escultor Arturo Baltar, con figuras de barro cocido de 20 a 25 cm, nas que se pode recoñecer populares personaxes da cidade das Burgas.*

XXV CONCURSO DE BELÉNS

Consultar mapa, datas e horarios en:

www.ourensecultura.com.

Colabora: asociación de Belenistas de Ourense.



BELÉNS

EXPOSICIÓN BELÉNS DO MUNDO

Sede do Bispado de Ourense. Rúa do Progreso, 26. Ourense.

Do 10 de decembro ao 6 de xaneiro

Luns a venres: de 10:00 a 13:00 h.

Máis de 150 beléns vidos dos lugares onde están presentes os misioneiros diocesanos. Cada belén representa un misioneiro, un pobo e unha cultura e está feito co material propio de cada país.

BELÉN DA VIRUCA

Salón Parroquial de Verín.

Desde o 8 de decembro ata o 6 de xaneiro.

Todos os días: 17:00 a 20:00 h.

Máis de 150 m² de exposición, ducias de figuras, moitas móbiles, que recollen escenas bíblicas e oficios tradicionais, coa particularidade de contar con reproducións a man de vivendas significativas de Verín. Xunto ás escenas relixiosas, aparecen outras que fan referencia aos labores tradicionais relacionados coa comarca de Monterrei.

BELÉN DE PARADA DE SIL

Capela de San Ramón-Praza do Concello.

Parada de Sil.

Ata o 10 de xaneiro.

Todos os días de 10:00 a 13:00 h e de 16:00 a 19:00 h.
Realizado por José María Campo Herrero, conta con 200 pezas en barro e madeira e conta cunha reprodución a pequena escala do mosteiro de Sta Cristina.

PONTEVEDRA

BELÉN DA CATEDRAL DE SANTIAGO EN VIGO

Tinglado do Porto (Praza da Estrela). Vigo.

Desde o 16 de decembro ata o 4 de xaneiro

De 12:00 a 14:30 h e de 17:00 a 22:00 h.

Fins de semana ata as 23:30 h.

24 e 31 de xaneiro de 12:00 a 14:00 h.

25 de decembro e 1 de xaneiro pechado

Perto de 500 pezas articuladas nunha construción de 60m².

BELÉN MONUMENTAL DE VIGO

Casa das Artes. Rúa Policarpo Sanz, 15. Vigo

Desde o 24 de novembro

De luns a venres: de 17:00 a 21:00 h.

Fins de semana e festivos: de 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:00 h.

LIV CONCURSO DE BELÉNS

DE AFUNDACIÓN ABANCA EN VIGO

Sala de Exposicións Teatro Afundación.

Rúa Reconquista, s/n. Vigo

Do 12 de decembro ao 5 de xaneiro

Horarios: do 12 ao 13 de decembro, de 17:00 a 20:30 h.

A partir do 14 de decembro, de 11:00 a 14:00 h. e de 17:00 a 20:30 h.

Días 25 de decembro e 1 de xaneiro, pechado 5 de xaneiro, pechado pola tarde

BELÉN ARTESANAL EN MOVEMENTO

Vestíbulo do Auditorio Lois Tobío. Gondomar

Do 5 de decembro ao 6 de xaneiro

Luns a domingo: de 11:00 a 13:45 h e de 17:00 a 21:15 h.

Belén de 40 m² con máis de 200 pezas deseñadas por Fernando Fdez. Penedo, e un centenar de figuras en movemento grazas a motores reutilizados.

BELÉN DE HERVILLE

Herville, Cella. Mos (A 1 km do alto de San Cosme)

Do 1 de decembro ás 17:30 h

Luns a venres: de 15:00 a 21:00 h

Sábados: de 16:00 a 21:00 h.

Domingos: de 11:00 a 13:00 h e de 15:00 a 21:00 h

25 de decembro e 1 de xaneiro: de 16:30 a 21:00 h.

6 de xaneiro: de 15:30 a 21:00 h

Organizado pola Asoc. Cultural e social de Herville desde 2006, este belén monumental conta con 90 m² de exposición.

BELÉN DO PAZO DE MOS

Camiño da Rúa, 1. Mos.

Ata o 7 de xaneiro.

De luns a sábado: de 17:00 a 20:00 h.

Sábados, domingos e festivos: de 10:00 a 13:00 h e de 16:00 a 19:30 h.

25 de decembro: Belén vivente.

BELÉNS DE TUI

Catedral. Tui.

Do 20 de decembro á fin de semana seguinte a Reis.

Todos os días de 10:30 a 14:00 h e de 16:00 a 19:00 h.

O nacemento está situado xunto ao retablo da Expectación. A exposición "Beléns do Mundo" pódese ver tamén na Capela das Reliquias. Visita gratuíta para residentes ou nados na Diocese e menores de 12 anos. Xubilados 3,50€ e resto 4€. Inclúe visita a todo o conxunto.



MERCADOS E ACTIVIDADES

A CORUÑA

REVOLUTION ON ICE

Coliseum. A Coruña

21 de decembro. 19:30 h

www.revolutiononice.com

POBOADO DE MARÍA PITA

Praza de María Pita. A Coruña.

Do 5 ao 30 de decembro .

Todo tipo de actuacións infantís de teatro, circo, contacontos, talleres educativos e outros momentos máxicos.

PAPÁ NOEL

Praza de María Pita. A Coruña.

Do 6 ao 24 de decembro.

De luns a venres: de 17:00 a 21:00 h.

Sábados, domingos e martes 24 de decembro: de

12:00 a 14:00 h e de 17:00 a 19:00 h.

Horario de nevaradas: sábado 21 e domingo 22 : 11:30,

12:30, 13:30, 17:30, 18:30, 19:30 e 20:30 horas.

Tamén haberá actividades educativas gratuítas na Casa dos xoguetes

CARPA NO CANTON DE MOLINS

Cantón de Molíns. Ferrol.

Do 20 de decembro ao 7 de xaneiro.

Concertos e espectáculos infantís.

FESTA DE SAN XIAO

Ferrol.

7 de xaneiro.

Celebración do día de San Xiao con degustación gratuíta de racións de arroz con leite.



MERCADO DE NADAL

Carreira do Conde, Santiago de Compostela.

Do 5 de decembro ao 5 de xaneiro.

Horario: De 12:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:30 h.

Pechado os días 24 e 25 de decembro e 1 de xaneiro.

Apertura só pola mañá o día 31 de decembro.

Mercado de produtos de Nadal onde se poderán atopar postos gastronomía gourmet e decoración propia da época (do 5 ao 23 de xaneiro); e artesanía, deseño e regalo orixinal (do 26 de decembro ao 5 de xaneiro). Food trucks, concertos e actividades para a infancia e a familia. Toda a información sobre os comercios e artesáns participantes e a programación completa de dinamización en: comercio.santiagodecompostela.gal/; <https://mercadonadal.com/> e na conta de facebook [mercadonadalconcellodesantiago](https://www.facebook.com/mercadonadalconcellodesantiago).

LUGO

ARTENADAL

Praza Anxo Fernández Gómez. Lugo

Do 19 de decembro ao 5 de xaneiro

De 11:00 a 14:30 h e de 17:00 a 21:00 h.

Pechado os días 25 de decembro e 1 de xaneiro.

Venda de artesanía

MERCADO DE NADAL

Praza de San Marcos, Lugo.

Do 20 de decembro ao 5 de xaneiro

MERCADO DE ANTIGUIDADES E COLECCIONISMO ESPECIAL NADAL

Fondo da praza Maior e soportais. Lugo.

Días 22, 23, 24 e 29 de decembro; 4 e 5 de xaneiro.

De 10:00 a 14:00 h.

OURENSE

XXIV EDICIÓN DO CERTAME DE VILANCICOS E PANXOLIÑAS

Paraninfo do instituto Otero Pedrayo. Ourense

Desde o 16 de decembro

XVI MOSTRA DE TEATRO INFANTIL

Ourense.

Do 26 ao 30 de decembro



MERCADOS E ACTIVIDADES

ACTIVIDADES PARA NENOS

Auditorio municipal. Ourense.

Decembro

Día 11: O Crebanoces, do Ballet Nacional Ruso de Serguey Radchenko

Día 12: A Bela Dormente, do Ballet Nacional Ruso de Serguey Radchenko

Día 23: Pequebaila, o Musical do Nadal

Parque Botánico de Montealegre. Ourense.

Decembro

Día 22: Obradoiro infantil de creación de adornos de Nadal

PONTEVEDRA

MUNDONADAL

Recinto Feiral. Pontevedra.

Do 20 decembro ao 7 de xaneiro. Desde as 16:15 h.

Horario especial:

días 24 e 31 de decembro de 12:15 a 19:00 h

día 5 de xaneiro de 12:15 a 17:00 h.

Pista de xeo, inchables, obradoiros, actuacións, etc.

PONTEXOGOS

Praza de España. Pontevedra.

Do 20 de decembro ao 3 de xaneiro

De 12:00 a 14:00 h e de 16:30 a 20:00 h.

XANEIRAS

Centro histórico. Pontevedra.

Día 11 de xaneiro, ás 20:00 h

Cantares das xaneiras, saída da praza da Verdura, percorrido polos locais do Centro Histórico.

PONTENADAL

Praza do Teucro. Pontevedra.

Do 20 de decembro ao 5 de xaneiro.

De 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:30 h

Pechado: 25 decembro e 1 de xaneiro

Feira de artesanía e agasallo.

UN NADAL SOLIDARIO PARA TODOS

Organizado pola Xunta de Galicia en Vigo

Tinglado do porto de Vigo

Desde o 16 de decembro ata o 4 de xaneiro

De 12:00 a 14:30 h e de 17:00 a 22:00 h.

Fins de semana ata as 23:30h.

24 e 31 de enero de 12:00 14:00 h.

25 de decembro e 1 de xaneiro: pechado.

Animación e decoración de Nadal.

Demostración de oficios artesanais.

Casetas de Nadal do Porto de Vigo, da Xunta de Galicia, de Anfaco, do RC Celta de Vigo e 23 ONG amosando os seus proxectos solidarios. Colabora co teu "vale compromiso".

Tren eléctrico para nenos e nenas.

Ás 19:00 h. de luns a venres concertos de corais e

bandas de música popular. Teatro e danza.

Os Bolechas: os días 20 e 27 de decembro ás 19:00 h.

Praza da Estrela. Vigo.

Decoración tradicional de Nadal, poboado de Nadal, figuras ornamentais dos Reis Magos e bonecos de nadal.

Tiovivo tradicional.

Caseta especial do Paxe real para recoller as cartas de nenas e nenos.

21:00 h. No solpor das fins de semana concertos de música a cargo dos grupos: Con la venia, La comisaría, Desnudo al sol, Noche de Ronda, Navia Swing Band, Combo Jazz Mayeuis

21 de decembro: de 12:00 a 20:00 h, Festival de Nadal do movemento veciñal de Vigo no Centro Cultural Helios de Bembrive.

28 de decembro: 13:00 h Concerto de Campás da Coral Casablanca no adro da Concatedral da Colexiata de Vigo.

[Pode consultar os horarios descargando este PDF](#)



ONDE VIVE O NADAL

Vigo

Iluminación decorativa da cidade, espectáculo luz e son da árbore da Porta do Sol, elementos decorativos de rúa, xardíns efímeros e *photocall* con temática de Nadal, casa de Papa Noel-carteiro real, exposición poboado de Nadal, Noria Park, café solidario, concertos e actividades culturais, actividades de dinamización en zonas comerciais, Nadal bus, Nadal tren por dúas rutas das zonas acendidas, tren infantil do Nadal, tío vivo, pistas de xeo e rampla de neve, Nadal Xuvenil e No Nadal...un conto.

Máis información de localizacións e horarios na App: [Vigo+](#)

CIDADE DA CULTURA

NADAL NO GAIÁS 2019

Museo Centro Gaiás.

Cidade da Cultura. Santiago de Compostela.

Do 13 de decembro ao 6 de xaneiro.

Horario: De 10:00 a 20:00 h (martes a domingo).

Máis información en

<https://www.cidadedacultura.gal/>

Vinde gozar dunha cidade máxica e de conto! A maxia do Nadal apoderarase literalmente da Cidade da Cultura e fará que gocedes durante estas festas dunha pequena grande urbe de conto, ateigada de globos e obradoiros ao acubillo do Museo Centro Gaiás. Non faltará a árbore xigante para pendurar en familia regalos e bos desexos para o ano que entra.

ARTESANÍA

MERCADO DA ESTRELA NADAL

Praza de Cervantes - Edificio Obra Social Abanca Cervantes - Praza 8 de marzo - Corredor de Bonaval. Santiago de Compostela.

Desde o venres 20 de decembro ás 14:00 h ata o domingo 22 de decembro ás 21:00 h (consultar horarios dos diferentes espazos: www.mercadodaestrela.es/)
Mercado de Nadal dedicado ao talento creativo de artistas, artesáns, produtores e emprendedores de Galicia: marcas de deseño de moda e complementos, xoguetes artesanais, bixutería e xoiaría, ilustración e papelería, decoración, cerámica, obxectos para o fogar... Conta tamén con zona gastronómica e foodtrucks, actuacións musicais, obradoiros e actividades sostibles e específicas para peques.

MERCADO DO NADAL

Rúa de San Francisco. Ribadeo.

Do 6 ao 9 de decembro

www.ribadeo.org

OFEITOAMÁN

Exterior do Centro Comercial A Laxe. Vigo .

Do 18 de decembro ao 5 de xaneiro.

Horario: de 11:00 a 14:00 h e de 16:30 a 21:00 h, salvo os días 24 e 31 de decembro que pechará as 18:30 h.

Os días 25 de decembro e 1 de xaneiro permanecerá pechada.

Feira con 20 artesáns e artesás que contan coa marca Artesanía de Galicia.





galicia



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA